



# XESTIÓN ECONÓMICA

## 6.1. XESTIÓN DO ORZAMENTO

### 6.1.1. ORZAMENTO DE GASTOS. LIQUIDACIÓN

O estado de execución do orzamento de gastos do Fogga (Servizo 11.90. Fondo Galego de Garantía Agraria), programa 713 F: Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, ao 31/12/2008 é o establecido no cadro 6-1, precisándose, no cadro 6-2 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Cadro 6.1  
Evolución do orzamento de gastos

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións orzamentarias	Créditos vixentes	Obrigas	Remanente dispoñible
<b>Capítulo I: Gastos de persoal</b>	3.948.401,00	146.116,40	4.094.517,40	4.075.315,84	19.201,56
<b>Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos</b>	1.010.627,00	-297.335,10	713.291,90	706.078,54	7.213,36
<b>Capítulo IV: Transferencias correntes</b>	199.927,00	631.879,22	831.806,22	831.806,22	0,00
- A Xenética Fontao	199.927,00		199.927,00	199.927,00	0,00
- ACA de Galicia		631.879,22	631.879,22	631.879,22	0,00
<b>Capítulo VI: Investimentos reais</b>	3.171.641,00	-129.381,45	3.042.259,55	3.011.614,36	30.645,19
<b>Capítulo VII: Transferencias de Capital</b>	55.694.187,00	101.269.426,13	156.963.613,13	151.511.576,17	5.452.036,96
- A empresas	55.413.782,00	101.269.426,13	156.683.208,13	151.231.171,17	5.452.036,96
- A Xenética Fontao	280.405,00		280.405,00	280.405,00	
<b>Total</b>	<b>64.024.783,00</b>	<b>101.620.705,20</b>	<b>165.645.488,20</b>	<b>160.136.391,13</b>	<b>5.509.097,07</b>

A porcentaxe de execución do orzamento de gastos foi do 96,67%.

	Proxecto	Clasif. econ.	Créditos iniciais	Modificac.	Créditos defin.	Obrigas	Reman.	Mod. Finan.	
<b>INVESTIMENTOS REAIS</b>									
Adquisicións vehículos	2008 00003	624,1	60.000,00	-1.000,00	59.000,00	59.000,00	0,00		Fdos propios
Adquisicións mobiliario	2008 00004	625,1	30.000,00	-9.800,50	20.199,50	19.965,36	234,14		Fdos propios
Equipos proc. informac.	2008 00005	626,1	30.000,00	-867,51	29.132,49	29.123,00	9,49		Fdos propios
Reformas edificios	2008 00006	632,1	28.000,00		28.000,00	27.705,37	294,63		Fdos propios
Inmovil inmaterial	2001 09006	640,1	3.023.641,00	-117.713,44	2.905.927,56	2.875.820,63	30.106,93		Fdos propios
<b>TOTAL CAP. VI</b>			<b>3.033.491,00</b>	<b>-129.381,45</b>	<b>3.042.259,55</b>	<b>3.011.614,36</b>	<b>30.645,19</b>		Fdos finalistas
<b>TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>									
A Xenética Fontao S.A.	2008 00007	741,0	280.405,00	0	360.405,00	360.405,00	0,00		Fdos propios
Axudas PAC	2008 00008	779,0	6.277.650,00	954.165,85	7.231.815,85	4.596.519,64	2.635.296,21		FEAGA
Superficies							1.858.778,79		
Leite para escolares							107.837,48		
Restitución sector cereais							25.000,00		
Dest. voluntaria e obrig. almac. privado porcino							643.679,94		
Primas Gandeiras	2008 00009	779,1	49.136.132,00	100.315.260,28	149.451.392,28	146.634.651,53	2.816.740,75		FEAGA
<b>TOTAL CAP. VII</b>			<b>55.694.187,00</b>	<b>101.269.426,13</b>	<b>157.043.613,13</b>	<b>151.591.576,17</b>	<b>5.452.036,96</b>		
<b>TOTAL CAP. VI e VII</b>			<b>58.865.828,00</b>	<b>101.140.044,68</b>	<b>160.085.872,68</b>	<b>154.603.190,53</b>	<b>5.482.682,15</b>		

Cadro 6.2  
Execución do orzamento ao 31.12.2008, capítulos VI e VII

## 6.1.2. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Con respecto aos créditos iniciais, as modificacións orzamentarias aprobadas no exercicio ascenderon a un total de 101.620.705,20 euros, conforme o detalle dos cadros 6-3 e 6-4, e que se especifican individualmente a continuación dos cadros.

Capítulos	Ampliacións Incorporac.	Baixas	Transfer. positivas	Transfer. negativas	Total	
<b>1. Gastos de persoal</b>	<b>177.517,56</b>	<b>-56.500,00</b>	<b>34.598,84</b>	<b>-9.500,00</b>	<b>146.116,40</b>	
Cotas Seguridade Social	169.906,43	-56.500,00			113.406,43	
Pluses e acción social			9.500,00	-9.500,00	0,00	
Laborais indefinidos execución sentenzas			25.098,84		25.098,84	
Acordo Consello 30-12 mellora retribucións	7.611,13				7.611,13	
<b>2. Gastos bens correntes</b>		<b>-297.335,10</b>			<b>-297.335,10</b>	
Financiamento cotas Seguridade Social		-7.827,00				
Financiamento gastos común Presidencia		-289.508,10				
<b>4. Transferencias correntes</b>	<b>631.879,22</b>				<b>631.879,22</b>	
Devolución remanente Tesouraría 2006	631.879,22				631.879,22	
<b>6. Investimentos reais</b>		<b>-104.282,61</b>		<b>-25.098,84</b>	<b>-129.381,45</b>	
Financiamento cotas Seguridade Social		-104.282,61			-104.282,61	
Laborais indefinidos execución sentenzas				-25.098,84	-25.098,84	
<b>7. Transferencias capital</b>	<b>101.269.426,13</b>				<b>101.269.426,13</b>	
Axudas a produtores PAC	101.269.426,13				101.269.426,13	
<b>Total</b>	<b>102.078.822,91</b>	<b>-458.117,71</b>	<b>34.598,84</b>	<b>-34.598,84</b>	<b>101.620.705,20</b>	

Cadro 6.3  
Modificacións orzamentarias

Cadro 6.4  
Detalle das modificacións or-  
zamentarias

Nº Expediente	Data da aprobación	Clase de modificación	Importe	Clasificac. Económica	Importe
TR-11-90-001-08	15/01/08	Tranfer. negativa	-7.000,00	130 00	-7.000,00
		Tranfer. positiva	7.000,00	130 02	1.000,00
	21/02/08	Incorpor. automáticas		162 04	6.000,00
				7790	954.165,85
			7791	6.258.582,24	
TR-11-90-002-08	15/05/08	Tranfer. negativa	-25.098,84	640 1	-25.098,84
		Transfer. positiva	25.098,84	133	25.098,84
AM-11-90-001-08	15/05/08	Ampliación de crédito	8.282,61	160 33	8.282,61
BC-11-90-001-08	15/05/08	Baixa de crédito	-8.282,61	640 1	-8.282,61
BC-11-90-001-08	31/07/08	Baixa de crédito	-105.569,00	21	-105.569,00
			-165.951,54	22	-165.951,54
			-17.987,56	23	-17.987,56
AM-11-90-002-08	30/10/08	Ampliación de crédito	90.000,00	160 00	90.000,00
AM-11-90-002-08	30/10/08	Baixa de crédito	-40.000,00	640 1	-40.000,00
		Baixa de crédito	-20.000,00	12000	-20.000,00
		Baixa de crédito	-30.000,00	13000	-30.000,00
AM-11-90-003-08	28/11/08	Ampliación crédito	94.056.678,04	779 1	94.056.678,04
TR-11-90-003-08	01/12/08	Tranfer. negativa	-2.500,00	130	-2.500,00
		Transfer. positiva	2.500,00	16204	2.500,00
AM-11-90-004-08	05/12/08	Ampliación crédito	631.879,22	4100	631.879,22
AM-11-90-005-08	01/12/08	Ampliación crédito	70.327,00	16000	70.327,00
BC-11-90-003-08	01/12/08	Baixa de crédito	-70.327,00	12000	-5.500,00
				13000	-1.000,00
				202	-1.827,00
				230	-6.000,00
				624.1	-1.000,00
				625.1	-9.800,50
				626.1	-867,51
				640.1	-44.331,99
				121	6.067,87
				130	1.543,26
AM-00-00-001-08	31/12/08	Amplación de crédito	8.907,95	16000	1.296,82
<b>Total</b>			<b>101.620.705,20</b>		<b>101.620.705,20</b>

Dentro das ditas modificacións, podemos establecer a clasificación entre aquelas que supoñen un incremento dos créditos iniciais, aquelas que supoñen unha diminución e as que non supoñen incremento nin diminución:

#### A) Modificacións que supoñen un incremento dos créditos inicialmente aprobados

1) Incorporación automática de remanentes de crédito por un importe de 7.212.748,09 euros créditos FEAGA 100%, de acordo co establecido na orde do 20 de decembro de 2007.

**2)** Ampliación de crédito por un importe de **8.282,61 euros**, no capítulo I do orzamento de gastos, aprobada o 15/05/08 cotas seguridade social persoal temporal indefinido, execución de sentencias xudiciais firmes, polas que se declaraba a dous demandantes, persoal laboral indefinido non fixo. Financiada con baixas de crédito no capítulo 6.

**3)** Ampliación de crédito por un importe de **90.000,00 euros**, aprobada con data do 30/10/2008, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais seguridade social. Esta ampliación financiose con baixas de crédito no capítulo I por importe de **50.000** euros e no capítulo 6 por importe de **40.000** euros.

**4)** Ampliación de crédito por un importe de **94.056.678,04 euros**, aprobada o 28/11/08, (créditos FEAGA 100%), coa finalidade de afrontar os pagamentos de primas gandeiras, prima láctea e pagamento único 2008.

**5)** Ampliación de crédito por un importe de **631.879,22 euros**, na aplicación orzamentaria 11.90.713F.410.0 transferencias correntes á Comunidade Autónoma de Galicia, financiada co remanente de tesouraría do exercicio 2007, xustificada pola obrigatoriedade de proceder á súa devolución, ao amparo do previsto no artigo 10 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o 2008.

**6)** Ampliación de crédito por un importe de **70.327,00 euros**, aprobada con data do 1/12/2008, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais seguridade social. Esta ampliación financiose con baixas de crédito nos capítulos I, II e VI.

**7)** Ampliación de crédito por importe de **8.907,95 euros**, co obxecto de dar cumprimento ao acordo retributivo do 18 de outubro de 2006 para o persoal funcionario e laboral ao servizo da administración da Xunta de Galicia, que establece no seu artigo 2, un incremento para o ano 2008 do 1,75% da masa salarial, dispoñendo que o 90% se reparta linealmente e destinando o 10% restante ao incremento dos correspondentes complementos nalgúns postos de traballo. O acordo do consello da Xunta, de data 30 de decembro de 2008 establece o reparto destes fondos, que serán destinados a mellorar as retribucións complementarias dos postos que teñen especialidades de xornada ou dedicación, e aqueles outros aos que se lle incremente o seu contido funcional, por incorporacións de novas tarefas.

## **B) Modificacións que supoñen unha diminución nos créditos inicialmente aprobados**

**1)** Baixa de crédito no capítulo VI por un importe de **8.282,61 euros**, na aplicación orzamentaria 11.90.713F. 640.1 co obxecto de financiar a ampliación de crédito no capítulo I para cotas da seguridade social persoal temporal indefinido, execución de sentencias xudiciais firmes, polas que se declaraba a dous demandantes, persoal laboral indefinido non fixo.

**2)** Baixa de crédito no capítulo II do orzamento de gastos por un importe de **289.508,10 euros** como consecuencia dunha baixa de crédito polo mesmo importe na aplicación 11.04.713F.431.0, transferencias de capital ao Fogga, co

obxecto de financiar unha ampliación de crédito no capítulo II do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, para proceder a xestionar a repartición dos gastos por servizos e subministracións comúns en función dos espazos adscritos pola Consellería de Economía e Facenda nos edificios de dominio público da Xunta de Galicia.

**3)** Baixa de crédito por importe de **90.000,00 euros**, no capítulo 6 do orzamento de gastos, para financiar ampliación de crédito polo mesmo importe no capítulo I, cotas seguridade social.

**4)** Baixa de crédito por importe de **70.327,00 euros**, 6.500,00 no capítulo 1 do orzamento de gastos, 7.827,00 euros no capítulo 2, e 56.000,00 euros no capítulo 6, para financiar ampliación de crédito polo mesmo importe no capítulo I, cotas seguridade social.

**C) Modificacións que non supoñen incremento nin diminución dos créditos iniciais (transferencias de crédito) polos seguintes importes:**

> **7.000,00 euros:** autorizada o 15/01/08, coa finalidade de adecuar os créditos orzamentarios ás obrigas recoñecidas en materia de persoal, polo que se incrementou en 6.000,00 euros o concepto 162.04 para o pagamento de axudas por fillos diminuídos así como a gratificación á que se refire o art. 34.2 do IV Convenio Colectivo Único a un funcionario destinado no Servizo Provincial do Fogga en Lugo; así mesmo o concepto 130.02 incrementouse en 1000,00 euros para atender o pagamento dos pluses de perigosidade e penosidade ao persoal laboral dependente do organismo, financiado con remanentes do capítulo I.

> **25.098,84 euros**, aprobada o 15/05/2008, negativa no concepto 640.1 e positiva en diversos conceptos do capítulo I, en concepto de execución de sentencias xudiciais firmes, polas que se declaraba a dous demandantes, persoal laboral indefinido non fixo. Financiada con baixas de crédito no capítulo 6.

> **2.500,00 euros**, entre conceptos do capítulo I, positiva no concepto 162.04 para o pagamento de axudas por diminuídos físicos e psíquicos, en aplicación do previsto no artigo 35 do **V Convenio Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia**, que establece os novos importes polo que foi necesario incrementar os créditos neste concepto.

### 6.1.3. TESOURARÍA

A Secretaría do Fogga realizou as operacións de contabilidade e tesouraría do organismo. Os pagamentos realizados por operacións **orzamentarias** e **extraorzamentarias**, con cargo ás contas do organismo (Operativa, FEAGA, FEADER, MAPA-Xunta e Intervención de mercados), ascenderon a **235.107.390,97 euros** e o número de pagamentos foi de 648, co seguinte detalle:

Pagamentos	Nº pagos	Importe (€)
<b>Orzamentarios</b> (Eercicio corrente e anteriores)	<b>346</b>	<b>158.970.935,34</b>
<b>Extraorzamentarios</b>	<b>302</b>	<b>76.136.455,63</b>
FEAGA		
FEADER		
Operacións intervencións de mercados		
<b>Total</b>	<b>648</b>	<b>235.107.390,97</b>

## 6.2. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

### 6.2.1. CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN

<b>Obxecto do contrato</b>	Adquisición de 4 vehículos
<b>Sistema de execución</b>	Concurso, procedemento aberto
<b>Orzamento</b>	60.000,00€
<b>Importe adjudicación</b>	59.000,00€
<b>Adxudicatario</b>	Noyamóvil, SL

### 6.2.2. CONTRATOS DE SERVICIOS

<b>Obxecto do contrato</b>	Servizo de limpeza no servizo provincial do FOGGA en Ourense
<b>Sistema de execución</b>	Procedemento aberto
<b>Orzamento licitación</b>	20.00,00€
<b>Importe adjudicación</b>	16.982,40€
<b>Adxudicatario</b>	SERALIA

<b>Obxecto do contrato</b>	Proxecto de servizos técnicos denominado "Xestión das axudas do programa de actuacións para a aplicación en Galicia da PAC"
<b>Sistema de execución</b>	Por Administración
<b>Adxudicatario</b>	TRAGSATEC
<b>Importe adxudicación</b>	1.095.211,36€
<b>Obxecto do contrato</b>	Proxecto de servizos técnicos denominado "Reforzo comarcal para a aplicación en Galicia da PAC"
<b>Sistema de execución</b>	Por Administración
<b>Adxudicatario</b>	TRAGSATEC
<b>Importe adxudicación</b>	805.277,59€
<b>Obxecto do contrato</b>	Proxecto de servizos técnicos denominado "Asistencia para a xestión e a seguridade da información do organismo pagador dos fondos agrarios europeos"
<b>Sistema de execución</b>	Por Administración
<b>Adxudicatario</b>	SEAGA
<b>Importe adxudicación</b>	148.105,22€
<b>Obxecto do contrato</b>	Realización de traballos de control sobre o terreo de admisibilidade e condicionalidade en solicitudes de axudas directas da PAC, baseadas en superficies. Provincia de Pontevedra
<b>Sistema de execución</b>	Encomenda de xestión
<b>Adxudicatario</b>	SEAGA
<b>Importe adxudicación</b>	84.145,57€
<b>Obxecto do contrato</b>	Elaboración de datos e obtención de planos telemáticos correspondentes a controis de axudas PAC
<b>Sistema de execución</b>	Por Administración
<b>Adxudicatario</b>	Sociedade de Desenvolvemento Comarcal
<b>Importe adxudicación</b>	35.285,37€ repartidas nas seguintes anualidades: 2008: 20.000,00€ 2009: 15.285,37€



<b>Obxecto do contrato</b>	Modificación contrato Servizo de xestión do sistema de información denominado "Sistema integrado de xestión e control das axudas no FOGGA 2007-2008"
<b>Adxudicatario</b>	Seresco, SA.
<b>Importe modificación</b>	94.312,23€

<b>Obxecto do contrato</b>	Realización de traballos de control sobre o terreo das solicitudes de axudas directas de PAC baseadas en superficies e indemnización compensatoria, no relativo á admisibilidade e condicionalidade, correspondentes á campaña 2007-2008
<b>Sistema de execución</b>	Concurso aberto, con trámite de urxencia
<b>Orzamento licitación</b>	220.275,55€
<b>Importe adxudicación</b>	216.480,00€
<b>Adxudicatario</b>	Esproagro enxeñería SL. (lotes nº1 e nº3)
<b>Importe adxudicación</b>	120.800,00€
<b>Adxudicatario</b>	Proyestegal SL. (lote nº2)
<b>Importe adxudicación</b>	95.680,00€





# ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS

De conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do Feaga e do Feader, o Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, constitúe ao Fondo Galego de Garantía Agraria como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feaga e polo Feader, logo da autorización efectuada mediante a Orde da Consellaría do Medio Rural, do 4 de outubro de 2007 (DOG nº 196, do 9).

Nos seguintes apartados sinálanse, por separado, as actuacións do Fogga como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), por unha parte, e como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), por outra.

## 7.1. FEAGA

No exercicio das funcións que lle son propias como organismo pagador, no ano natural 2008 (01/01/08 ao 31/12/08) e no exercicio FEAGA 2008 (16/10/07 ao 15/10/08), o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) tramitou a concesión das axudas con cargo ao FEAGA -fase de autorización do pagamento- agás as axudas á reestruturación e reconversión do viñado e á apicultura tramitadas -nesa fase de autorización do pagamento- pola actual Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

### 7.1.1. EXECUCIÓN E CONTABILIZACIÓN

No tocante á execución e contabilización do pagamento, a Secretaría do Fogga realizou as de todas as axudas FEAGA, que ascenden a **152.918.917,12 euros** no exercicio orzamentario FEAGA 2008 (que abrangue do 16 de outubro de 2007 ao 15 de outubro de 2008) e a **154.854.572,25 euros**, se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008, coa desagregación reflectida nos cadros e gráficos seguintes:

**Exercicio FEAGA 2008 (16 - 10 - 2007/ 15 - 10 - 2008)**

Cadro 7.1  
Pagamentos do exercicio  
FEAGA 2008

<b>Intervencións mercados agrícolas</b>	Destilación de viño	74.629,88
	Reestruturación e reconversión de viñedos	3.375.094,49
	Leite para escolares	164.747,43
	Intervencións de carne de porcino	11.788,00
	Axuda específica á apicultura	188.765,87
	<b>Intervencións en mercados agrícolas</b>	<b>3.815.025,67</b>
<b>Axudas directas</b>	Réxime de pagamento único	97.359.561,88
	Pagamentos por superficie cultivada	4.371.052,35
	Vacún	33.668.112,99
	Ovino e cabrún	1.644.906,53
	Leite e produtos lácteos	7.649.803,84
	Modulación	4.733.949,29
	<b>Axudas directas</b>	<b>149.427.386,88</b>
<b>Desenvolvemento rural finan. Secc. Garantía FEOGA</b>		-62.806,52
<b>Irregularidades do FEAGA</b>		-260.688,91
<b>Total exercicio FEAGA 2008</b>		<b>152.918.917,12</b>





Gráfico 7.1  
Pagamentos do exercicio  
FEAGA 2008. Porcentaxes

Cadro 7.2  
Pagamentos FEAGA do ano  
natural 2008

Ano natural 2008 (01 - 01 - 2008/ 31 - 12 - 2008)		
<b>Intervencións mercados agrícolas</b>	Destilación de viño	99.035,33
	Reestruturación e reconversión de viñedos	3.375.094,49
	Almacenamento de manteiga	109.303,39
	Leite para escolares	185.873,19
	Carne de porcino	261.305,19
	Axuda específica á apicultura	188.765,87
	<b>Intervencións en mercados agrícolas</b>	<b>4.219.377,46</b>
<b>Axudas directas</b>	Réxime de pagamento único	98.868.033,90
	Pagamentos por superficie cultivada	3.927.291,46
	Vacún	33.676.133,73
	Ovino e cabrún	1.735.172,09
	Leite e produtos lácteos	7.979.542,84
	Modulación	4.735.473,84
	<b>Axudas directas</b>	<b>150.921.647,86</b>
<b>Desenvolvemento rural finan. Secc. Garantía FEOGA</b>		-53.171,90
<b>Irregularidades do FEAGA</b>		-233.281,17
<b>Total ano natural 2008</b>		<b>154.854.572,25</b>

Gráfico 7.2  
Pagamentos FEAGA do ano  
natural 2008. Porcentaxes



### 7.1.2. RELACIÓNS CO FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA (FEGA) NA SÚA CALIDADE DE ÓRGANO DE COORDINACIÓN

Conforme o disposto nos Reais decretos 327/2003, do 14 de marzo, e 521/2006, do 28 de abril, polos que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, o Fondo Europeo de Garantía Agraria (FEGA) actuará como organismo de coordinación de todos os pagamentos procedentes do FEAGA e do FEADER en España e, en consecuencia, encárgase de centralizar a información que se debe poñer a disposición da Comisión Europea e de fomentar a aplicación harmonizada das disposicións comunitarias.

As comunicacións entre o Fogga e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema de transmisión EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados polo FEGA, na Circular de Coordinación: Procedemento financeiro para o FEAGA e FEADER.

As actuacións en materia de fondos FEAGA do Fogga con respecto ao organismo de coordinación, concrétase nos seguintes envíos:

- > **Peticións de fondos**, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Comunicación de pagamentos**, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Resumo de pagamentos por capítulos**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Estados de tesouraría**, con periodicidade mensual.
- > **Cadro 104**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Programación financeira bimensual**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Cadro de desviacións**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Cadro pagamentos fóra de prazo**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Comunicación de irregularidades**, con periodicidade trimestral, no formato ficheiro CFFMIC.
- > **Cadro 106**, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL.
- > **Cadro 107**, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL.
- > **Cadro 108**, con periodicidade semestral, no formato ficheiro EXCEL.

- **Cadro das X**, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC.

### 7.1.3. RELACIÓNS COA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E DO TESOURO

O Fogga relaciónase coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro co fin de solicitarlle os fondos MARM/Xunta que cofinancian no seu caso os fondos.

Así, o Fogga comunicoulle á dita Dirección Xeral, o importe total dos fondos MARM-Xunta que cofinancian con FEAGA e o importe e número dos documentos contables con fase K, coa finalidade de que o ingresasen na conta bancaria fondos MARM-Xunta titularidade do Fogga para poder executar os pagamentos aos beneficiarios.

### 7.1.4. RELACIÓNS COA INTERVENCIÓN DELEGADA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Con respecto ás axudas xestionadas polo Fogga, semanalmente expedíuselle á Intervención Delegada, unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do Fogga, para que se puidesen contabilizar os documentos ADOK en formalización con cargo á aplicación orzamentaria: 11.04.713F.731.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.

- En canto ás axudas nas que a fase de autorización non está residencia no Fogga, tramitáronse os correspondentes documentos contables extraorzamentarios MP para poder executar o pagamento aos beneficiarios.

- Todas as relacións de transferencias para facer efectivo o pagamento aos beneficiarios foron obxecto de intervención formal e material do pagamento.

### 7.1.5. RELACIÓNS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS COLABORADORAS

Diariamente o Fogga pode consultar a través de banca electrónica a información relativa ao movemento das contas correntes, nas que se cargaron as ordes de transferencia para o pagamento das axudas.

Nas semanas que se realizan os pagamentos, o Fogga envíalle electronicamente á entidade financeira os ficheiros de pagamento no formato CSB34/Q34.

- Por outra banda, ata o mes de outubro realizáronse os pagamentos desde as contas bancarias, FEAGA e MARM-XUNTA que o FOGGA tiña abertas na entidade financeira BBVA.

- Desde novembro os pagamentos realizáronse desde as novas contas bancarias FEAGA e MARM-Xunta titularidade do Fogga, abertas na entidade financeira de Caixanova.



### 7.1.6. GASTOS DE INTERVENCIÓN DE MERCADOS

Durante o ano 2008 non se realizaron pagamentos para este tipo de gastos

## 7.2. FEADER

Considerando a distribución competencial entre os distintos centros directivos da Consellaría do Medio Rural establecida no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural e do Fogga, e a súa adaptación ás funcións do organismo pagador, o artigo 1.2 do Decreto 155/2006, de acordo co anexo I.1.c) do Regulamento 885/2006, permite que a execución de determinadas tarefas do organismo pagador poidan ser delegadas, precisando que a delegación de funcións deberá instrumentarse a través de resolucións que especifiquen as atribucións e obrigas dos órganos delegante e delegado.

Con data do 7 de marzo de 2007 ditáronse as resolucións polas que se establecen as condicións de delegación das funcións de autorización dos pagamentos financiados polos fondos agrarios europeos, incluíndo o FEADER, polo que a dita función de autorización dos pagamentos atópase delegada nos respectivos centros directivos da Consellaría do Medio Rural que xestionan medidas FEADER incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.


### 7.2.1. EXECUCIÓN E CONTABILIZACIÓN

En relación ás medidas FEADER do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2007-2013, a Secretaría do Fogga realizou a execución e contabilización dos pagamentos, que ascenden a **39.948.585,08 euros** importe FEADER (40.222.101,08 euros pagos - 273.516,00 euros correccións) e a **69.403.479,65 euros** importe GASTO PÚBLICO (69.910.518,43 euros pagos - 507.038,78 euros correccións) no exercicio orzamentario FEADER 2008 (que abrangue do 16 de outubro de 2007 al 15 de outubro de 2008) e a **36.297.198,51 euros** importe FEADER (37.116.036,65 euros pagos - 818.838,14 euros correccións) e **63.059.803,02 euros** importe GASTO PÚBLICO (64.514.239,49 euros pagos - 1.454.436,47 euros correccións) se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, coa desagregación reflectida no cadro e gráficos seguintes:

Cadro 7.3  
Pagamentos exercicio orzamentario FEADER 2008

Pagamentos exercicio FEADER 2008	FEADER	Gasto público
112. Instalación de xoves agricultores	532.913,94	925.840,75
113. Xubilación anticipada	14.053.064,08	24.414.709,84
121. Modernización das explotacións agrícolas	1.931.683,50	3.355.947,64
124. Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos e tecnoloxías	318.885,95	554.006,20
133. Actividades de información e promoción	642.735,46	1.116.635,60
211. Axudas indemnización zonas montaña	4.204.390,32	7.304.361,49
212. Axudas indemnización zonas distintas montaña	3.393.059,43	5.894.821,07
214. Axudas agroambientais	3.017.633,62	5.242.584,56
221. Primeira forestación terras agrícolas	1.024.794,25	1.780.393,09
223. Primeira forestación terras non agrícolas	1.092.653,11	1.898.285,45
226. Recuperación do potencial forestal	5.919.058,83	10.283.314,80
311. Diversificación cara actividades non agrícolas	10.845,72	18.842,46
312. Creación e desenvolvemento de empresas	2.202.494,09	3.826.431,69
321. Servizos básicos para á economía e a poboación rural	1.202.567,16	2.089.241,03
323. Conservación e mellora do patrimonio rural	401.805,62	698.063,98
<b>Total</b>	<b>39.948.585,08</b>	<b>69.403.479,65</b>

Gráfico 7.3  
Pagamentos exercicio orzamentario FEADER 2008.  
Porcentaxes



Pagamentos FEADER ano natural 2008	FEADER	Gasto público	Cadro 7.4 Pagamentos FEADER. Ano natural 2008
112. Instalación de xoves agricultores	946.110,20	1.643.693,88	
113. Xubilación anticipada	6.498.515,70	11.290.001,14	
121. Modernización das explotacións agrícolas	3.320.797,96	5.769.280,54	
123. Aumento do valor engadido dos produtos agrícolas e forestais	907.501,73	1.576.618,68	
124. Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos e tecnoloxías	318.885,95	554.006,20	
133. Actividades de información e promoción	642.735,46	1.116.635,60	
211. Axudas indemnización zonas montaña	4.204.390,32	7.304.361,49	
212. Axudas indemnización zonas distintas montaña	3.393.059,43	5.894.821,07	
214. Axudas agroambientais	577.512,56	1.003.319,86	
221. Primeira forestación terras agrícolas	143.856,66	249.924,72	
223. Primeira forestación terras non agrícolas	3.003.608,13	5.218.221,18	
226. Recuperación do potencial forestal	7.208.955,21	12.524.274,52	
311. Diversificación cara actividades non agrícolas	10.845,72	18.842,46	
312. Creación e desenvolvemento de empresas	3.477.343,18	6.041.249,42	
321. Servizos básicos para á economía e a poboación rural	1.286.423,77	2.234.926,60	
323. Conservación e mellora do patrimonio rural	356.656,53	619.625,66	
<b>Total</b>	<b>36.297.198,51</b>	<b>63.059.803,02</b>	




Gráfico 7.4  
Pagamentos FEADER. Ano  
natural 2008. Porcentaxes

### 7.2.2. RELACIÓNS CO FONDO ESPAÑOL DE GARANTÍA AGRARIA (FEGA) NA SÚA CALIDADE DE ÓRGANO DE COORDINACIÓN

► As comunicacións entre o Fogga e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados na súa Circular de Coordinación: Procedemento Financeiro para o FEAGA e o FEADER e través do sistema SFC2007.

► As actuacións en materia de fondos FEADER do Fogga con respecto ao organismo de coordinación, concrétnanse nos seguintes envíos:

- . **Peticións de fondos**, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- . **Comunicacións de pagamentos**, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- . **Correccións de pagamentos**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- . **Programación financeira bimensual**, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- . **Estado de tesouraría**, con periodicidade mensual.
- . **Previsións anexo X R (CE) 883/2006**, con periodicidade semestral, a través do sistema SFC2007.
- . **Declaración gastos anexo XI R(CE) 883/2006**, con periodicidade trimestral, a través do sistema SFC2007.
- . Comunicación dos controis de acordo co art.34 do R(CE) 1975/2006, con periodicidade anual, no formato excel enviado polo FEGA
- . **Cadro das X**, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC.

### 7.2.3. RELACIÓNS COA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E DO TESOURO

► A Secretaría do Fogga nas mesmas datas que enviou ao FEGA as peticións de fondos FEADER, solicitou á Subdirección Xeral do Tesouro os fondos MARM-Xunta que cofinancian as medidas FEADER do capítulo VII de gastos da Consellería de Medio Rural.

#### **7.2.4. RELACIÓNS COA INTERVENCIÓN DELEGADA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO FOGGA**

O Fogga elaborou os documentos contables extraorxamentarios MP para o pagamento aos beneficiarios (capítulo VII de gastos) e de reembolso á Xunta de Galicia (capítulo VI de gastos) que foron obxecto de fiscalización pola Intervención Delegada do Fogga.

Unha vez contabilizados foron elaboradas as relacións de transferencias para executar os pagamentos obxecto de intervención formal e material do pagamento pola citada Intervención.

#### **7.2.5. RELACIÓNS COAS ENTIDADES FINANCEIRAS COLABORADORAS**

Diariamente o Fogga consulta vía electrónica os movementos da conta bancaria. Nas semanas que se realizan pagamentos, o Fogga envía electronicamente os ficheiros dos pagamentos no formato Q34.

### **7.3. COORDINACIÓN FINANCEIRA E DE PROCEDEMENTOS**

#### **7.3.1. COORDINACIÓN COAS SUBDIRECCIÓNS XERAIS XESTORAS**

A Secretaría do Fogga recibiu as comunicacións semanais das distintas subdireccións xerais xestoras, en canto a necesidades de financiamento, para facer fronte ao pagamento do importe das axudas FEAGA e das medidas FEADER, unha vez fiscalizados e contabilizados os oportunos documentos ("ADOK", "OK" con cargo ao orzamento da Consellería do Medio Rural, "DOK" para as que xestiona o Fogga), baseándose nas cales elaborou as comunicacións remitidas á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e ao FEGA para a petición dos fondos FEAGA e FEADER necesarios.

Por outra banda, a Secretaría do Fogga, despois de asistir ás reunións de coordinación de organismos pagadores no FEGA (coordinación de fondos agrícolas e coordinación de desenvolvemento rural), efectúa coas subdireccións xerais xestoras reunións de coordinación internas con carácter periódico.

Instrucións publicadas polo Fogga na intranet da Consellería de Medio Rural dirixidas a todas as unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia.

- . Instrución OP/01/2008, de data 02-04-2008 sobre o procedemento para a execución contable dos pagamentos financiados ou cofinanciados con cargo aos fondos agrarios europeos FEAGA e FEADER en Galicia.
- . Instrución OP/02/2008, de data 08-02-09, relativa ao calendario de petición de fondos FEAGA e FEADER, exercicio 2009 e as súas revisións nº1, nº2, nº3, nº4 e nº5.

- . Instrución OP/03/2008, de data 08-02-09 relativa á execución e contabilización dos pagamentos FEADER e as súas revisións nº1 e nº2.
- . Instrución OP/04/2008, de data 08-02-09 relativa ás comunicacións periódicas que as subdireccións xerais e servizos xestores de fondos FEADER teñen que enviar á Secretaría do Fogga e as súas revisións nº1 e nº2.
- . Instrución OP/05/2008, relativa a determinados aspectos sobre a recuperación dos pagamentos indebidos con cargo aos fondos FEAGA e FEADER.
- . Instrución OP/06/2008, relativa aos ficheiros de actualización do rexistro de beneficiarios das medidas FEADER e as súas revisións nº1 e nº2.
- . Instrución OP/07/2008, relativa aos ficheiros no formato q34 para o pagamento aos beneficiarios de medidas FEADER e as súas revisións nº1 e nº2.

### **7.3.2. COORDINACIÓN COA SUBDIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS**

De acordo coa Resolución conxunta da Dirección Xeral de Orzamentos e da Intervención Xeral da comunidade autónoma do 28 de decembro de 2006, pola que se ditan instrucións para a aplicación da Orde do 19 de decembro de 2006, que modifica a do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento de xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, a Secretaría do Fogga comunicou á Dirección Xeral de Orzamentos:

- . Semanalmente, os ingresos e pagamentos FEAGA e FEADER con cargo aos fondos solicitados ao FEGA.
- . Mensualmente, os cadros coa relación de movementos de fondos con cofinanciamento FEAGA e FEADER.

### **7.3.3. COORDINACIÓN COA AUDITORÍA DAS CONTAS FEAGA E FEADER**

As contas do FEAGA e do FEADER, teñen que estar certificadas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, como o organismo de certificación das contas do organismo pagador. A dita certificación baséase no traballo de auditoría que, anualmente, efectúa unha empresa auditora contratada para o efecto pola dita Intervención Xeral.

A auditoría efectúase de acordo coas normas de auditoría admitidas internacionalmente e conforme ao artigo 3 do Regulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, e é executada co fin de obter garantías suficientes de que as contas FEAGA e FEADER transmitidas á comisión están exentas de erros, e que os pagamentos son conformes coa normativa europea

no que se refire á capacidade do organismo pagador para garantir que a dita conformidade foi comprobada antes de efectuar os pagamentos.

As relacións entre a firma auditora e as distintas unidades xestoras e as que participan na función de autorización do organismo pagador son coordinadas dende a Secretaría do Fogga.

Para a rendición da conta anual de exercicio orzamentario FEAGA 2008, o Fogga envioulle ao FEGA a seguinte documentación e ficheiros que se detallan a continuación:

**1º)** Dous exemplares en soporte papel debidamente asinados polo director do Fogga:

- . Resumo de gastos do FEAGA por partida e subpartida
- . Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- . Resumo de gastos do FEADER por programas e medidas
- . Cadro de diferenzas entre a conta anual e a última declaración trimestral
- . Cadro do Gasto Público Total
- . Cadro de diferenzas entre a conta anual Gasto Público Total e a última declaración trimestral
- . Cadro dos importes con cargo ao Estado membro e á Comunidade
- . Cadro do Anexo III
- . Cadro de Anexo III-bis
- . Cadros 106 e 108
- . Modificacións significativas no Organismo Pagador
- . Cadro coa liña de totais do cadro do anexo III
- . Declaración de fiabilidade

**2º)** A través de Editran:

- . Ficheiro 11RC2008121502.xls: Resumo de gastos do FEAGA por partida e subpartida
- . Ficheiro 11RE2008121502.xls: Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- . Ficheiro 11FC2008121501.xls: Resumo de gastos FEADER por programas e medidas
- . Ficheiro 11FE2008121501.xls: Cadro de diferenzas entre a conta anual e a última declaración trimestral
- . Ficheiro 11GC2008121501.xls: Cadro de Gasto Público Total
- . Ficheiro 11GE2008121501.xls: Cadro de diferenzas Gasto Público Total
- . Ficheiro 11A322008122302.txt: Cadro do Anexo III
- . Ficheiro 11A3BIS2008121501.xls: Cadro do Anexo III BIS
- . Ficheiro 1132332008121501.xls: Cadro importes declarados consonte aos art.32.5 e 32.6 do Regulamento 1290/2005
- . Ficheiro 11TA32008121501.txt: Cadro coa liña de totais do cadro do anexo III

**3º) CD-ROM: IT11\_Fogga**

- . Ficheiro DiffGF.doc
- . Ficheiro Art32\_33.xls: Cadro dos importes cargo ao Estado membro e á Comunidade
- . Ficheiro Annex IIIA.xls: Cadro extracto libro maior de debedores
- . Ficheiro modulación.xls: Cadro 106 e 108 final exercicio 2008

**7.3.4. INVESTIGACIÓNS E VISITAS DE CONTROL**

Os organismos pagadores son obxecto de periódicas investigacións e visitas de control por parte da Comisión Europea e doutras institucións co fin de verificar os procedementos específicos dos pagamentos de axudas financiadas polos fondos europeos agrarios.



Durante o ano 2008 o FOGGA recibiu unha visita de control, na semana do 14 ao 18 de xullo de 2008, por parte da Comisión Europea, no marco da liquidación de conformidade, para realizar a Investigación AA/2008/10 das axudas por superficie (Regulamentos 1782/2003, 795/2004, 1973/2004 e 796/2004) e das axudas do Desenvolvemento Rural (Regulamentos 1698/2005 e 1975/2006).

Ademais, ao longo do ano o FEGA, na súa condición de organismo de coordinación, solicitoulle ao Fogga que achegue determinada documentación e información, en relación con diversas investigacións da Comisión Europea.

